



**Á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**

**SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN Á REALIDADE ACTUAL DA ATENCIÓN
Á DIVERSIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS
(27 DE FEBREIRO DE 2026)**

As catro organizacións sindicais asinantes do *Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, dirixímonos á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa finalidade de formular a seguinte solicitude formal.

EXPOÑEMOS

1. Desde hai anos levamos demandando a necesidade de adaptar os recursos de atención á diversidade á realidade que se vive nos centros educativos galegos. A sinatura do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, asinado en 2023, supuxo un avance crucial na liña adecuada que supuxo a baixada progresiva de ratios, a non eliminación de unidades sobre todo no rural e o cómputo dobre e triplo de alumnado, máis é preciso tomar medidas adicionais, tal e como xa puxemos de manifesto en numerosas ocasións.
2. O catálogo de postos de traballo dos centros de educación infantil e primaria, definido no acordo do ano 2007, resulta claramente obsoleto e afastado das necesidades actuais do sistema educativo galego.
Esta realidade evidénciase non só na dotación insuficiente de persoal educativo de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, senón tamén nas problemáticas xurdidas coa asignación de persoal coidador ou na inexistencia doutros perfís profesionais de psicoloxía, enfermería escolar, etc.
3. Os departamentos de Orientación dos centros educativos atópanse claramente desbordados pola cantidade de traballo que deben asumir e polo enorme número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, nos casos máis graves, con necesidades educativas especiais.
4. Os Equipos de Orientación Específicos (EOE) sofren, do mesmo xeito, as carencias na dotación de persoal e tamén son incapaces de atender as demandas de informes dos centros educativos.

Por todo o anterior,

SOLICITAMOS

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- **Inicie con carácter urxente a negociación dun novo catálogo de postos de traballo**, que se adapte á situación real das necesidades dos centros de educación infantil e primaria.
- Defina con precisión uns **criterios básicos para a dotación de persoal de atención á diversidade** nos centros do resto de etapas educativas.
- Estableza a **dotación de persoal orientador nos centros educativos** atendendo ao criterio definido pola Unesco, e outras organizacións nacionais e internacionais, que fixa a ratio recomendada de alumnado por orientador/a educativo en 250.
- Incremente a dotación **de persoal necesario para adaptala á efectiva carga de traballo dos Equipos de Orientación Específicos**.

E para que conste, preséntase este escrito a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, ao amparo do artigo 16.4 da Lei 39/2015, solicitando resposta por medios electrónicos.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026.

Noelia Sánchez Vaamonde
Secretaria Xeral da Federación
de Ensino de CCOO de Galicia

Julio Trashorras de la Fuente
Presidente de
ANPE Galicia

Rosa Silva Méndez
Responsable autonómica
CSIF Ensino

José Cristóbal Salgueiro Vallejo
Secretario de Ensino de
UGT-SP Galicia